

Ref.:LA2301. Listas ampliadas

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE AMPLIA LISTA DE AGARDA XERADA PARA O CURSO ACADÉMICO 2023-2024.

A normativa do profesorado de substitución, aprobada por acordo do Consello de Goberno do 10 de maio de 2011 (modificado por acordo do 21 e 22 de marzo de 2013), recolle no apartado 3.1 que *“Despois de resolto os concursos para a provisión de prazas de persoal docente e investigador contratado ou funcionario e os concursos específicos para xeración de listas de agarda que se describen no apartado 2, as persoas propostas polas comisións que non fosen contratados ou nomeados pasarán a integrar unha lista de agarda para cubrir as eventuais vacantes ou necesidades de docencia que poidan sobrevenir ao longo do curso académico na correspondente área de coñecemento. Estas serán publicadas nos taboleiros oficiais e na páxina web da Universidade de Vigo”*.

En consecuencia, atendendo a petición do departamento de Enxeñería de Sistemas e Automática (T07), esta Reitoría acorda a ampliación da lista de agarda LA2301-T07-520-PI-TP-01 coa lista xerada de profesor asociado coa referencia AS2301-T07-520-A3-P4-01, para o curso académico 2023/2024, tendo en conta o criterio de elaboración establecido no apartado 3.2 da citada normativa.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, poderase interpor recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da devandita publicación, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O REITOR,
P.D. (R.R. de 20 de abril de 2023)
A vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica
(*asinado dixitalmente*)

Taboleiro de anuncios da sede electrónica

